



COMPROMISOS, COORDINACION, CAUSAS E DIALOGO CIVIL  
CONTRA A POBREZA E POLA INCLUSIÓN SOCIAL

#PobrezaGalicia

## AS PERSOAS PRIMEIRO

**Propostas EAPN Galicia contra a pobreza e a exclusión social perante as Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020**

#PobrezaGalicia

O Parlamento de Galicia **aprobou por unanimidade** o 17 de outubro de 2017, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, unha Declaración Institucional<sup>1</sup> que dende as 140 organizacións integradas na Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN Galicia) cremos que debe ser de obrigada defensa e cumprimento en calquera programa electoral.

Nesta mesma Declaración, as propias persoas en risco de pobreza e baixo lemas como «*As persoas primeiro*» ou «*Somos persoas, non expedientes*», resumen as nosas demandas en catro principios:

- Loitar contra as **causas** da pobreza e a desigualdade, moi lonxe do asistencialismo e asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos;
- **Compromiso** en orzamentos e planificación a medio e longo prazo;
- **Coordinación** política e técnica entre as administracións e organizacións especializadas que reduza drasticamente a burocracia.
- **Diálogo Civil**. Recoñecemento lexislativo e marco estable de diálogo e financiamento do Terceiro Sector de Acción Social como alicerce do sistema público de servizos sociais.

### **Na emerxencia social do COVID19 as palabras xa non abundan**

As eleccións ao Parlamento de Galicia celebráranse no marco da extrema emerxencia provocada pola pandemia do coronavirus. Unha emerxencia sanitaria que está sendo acompañada por unha emerxencia social que empobrecerá drasticamente a milleiros de galegas e galegos sen o compromiso político e orzamentario da Xunta de Galicia e dos concellos.

Con todo, esta crise está a supoñer a constatación da necesidade de aplicar con urxencia reclamacións históricas das organizacións e redes do Terceiro Sector como a **valoración dos coidados**, a **erradicación do lucro na loita contra a pobreza** ou na **atención ás persoas dependentes e colectivos vulnerables** ou mesmo a aprobación do **Ingreso Mínimo Vital**.

<sup>1</sup> <http://www.parlamento.gal/Actualidade/2465/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-con-motivo-do-dia-internacional-para-a-erradicacion-da-pobreza>



Temos unha **oportunidade única para evitar que a pobreza e a desigualdade se cronifiquen** e cumprir así co compromiso do estado español e da comunidade autónoma galega de cumprir coa Axenda 2030 e o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 1 que establece que no 2030 deben reducirse á metade a porcentaxe de persoas en pobreza,<sup>2</sup>

Propoñemos a todas as candidaturas ao Parlamento de Galicia que incorporen no seu programa electoral e de chegaren ao goberno da Xunta de Galicia se comprometan a implantar as seguintes medidas:

- 1. Blindar o orzamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)** asegurando a súa compatibilidade e subsidiariedade co **Ingreso Mínimo Vital** e o recoñecemento do **dereito subxectivo e incondicionado á supervivencia**. Especialmente en tres aspectos:
  - **Complementando ingresos** ata o limiar de pobreza relativa. De xeito urxente (como moi tarde na Lei de acompañamento de orzamentos 2021) naquelas familias con nenos, nenas ou persoas con dependencia, duplicando o complemento vivenda ou valorando os coidados.
  - **Aumentar cobertura** do Ingreso Mínimo Vital naquelas persoas non beneficiarias do mesmo *que vivan* en Galicia ou con factores agravantes de pobreza ou exclusión social (violencia machista, etnia, idade, discapacidade, territorial, etc.),
  - **Asegurar o dereito á inclusión sociolaboral** e a un acompañamento estable e profesionalizado dende os Servizos Sociais Comunitarios e as organizacións do Terceiro Sector Social, reforzando os tramos de inserción e transición ao emprego da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.
- 2. Garantir o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible**, priorizando no Plan de Vivenda 2021 a rehabilitación e o alugueiro social.
  - **Estratexia de erradicación do chabolismo e a infravivenda** en todo o territorio galego, na que se combinen medidas de realoxamento, acompañamento e apoio social ás familias durante todo o proceso.
  - Plena implantación do **Plan de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023**, Asegurar implicación de concellos e coordinación cos mesmos e coas organizacións de acción social con enfoque de dereitos. Facilitar o empadramento para as persoas en situación de senfogarismo,
  - **Loitar contra a exclusión residencial severa promovendo o acceso á 40.000 vivendas no 2023**. Financiando obras de rehabilitación e accesibilidade, facilitando o acceso en réxime de alugueiro social penalizando as vivendas baleiras ou perseguindo a infravivenda de alugueiro. Garantindo sempre a máxima protección para as persoas propietarias e inquilinas, polo que debe ir acompañada de medidas de prospección/mediación e acompañamento.
  - Habilitación dun parque municipal básico de vivenda para situacións de emerxencia e dun **recurso de transición por cada 10.000 habitantes** para situacións diversas de emerxencia (persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamentos ou de violencia machista, persoas refuxiadas ou solicitantes de asilo, etc.),
  - Crear unha liña orzamentaria e procedemento de prevención de desafiuzamento que asegure o mantemento da vivenda ante a posibilidade da perda da mesma e sen agardar a que se produzan impagamentos e mesmo a execución.

<sup>2</sup> <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>



- Creación dun '**Plan RENOVE**' para a renovación de electrodomésticos en unidades familiares en situación de vulnerabilidade ou pobreza e duplicar o nivel de cobertura do **Programa de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade**, asegurando que tódalas familias en situación de vulnerabilidade ou pobreza poden acceder á maior contía da subvención (24.000€).
- 3. Sen excusas para reducir drasticamente a pobreza e a exclusión infantil e xuvenil**, aproveitando a oportunidade do Ingreso Mínimo Vital e apoiando especialmente as familias..
- Elaboración da **Lei Galega da Infancia**, mellorando o marco normativo sobre protección da infancia e que garanta todos os dereitos de nenas, nenos e adolescentes na nosa comunidade.
  - **Educación de 0 a 3 anos universal e gratuíta**, priorizando en orzamentos e atención profesional o seguimento individualizado das accións encamiñadas a combater a pobreza infantil. Ampliar o número de prazas das escolas infantís de 0 a 3 anos, duplicando a 1.000 o número de prazas de emerxencia social e adaptando ás circunstancias excepcionais de poboación refuxiada ou migrante.
  - Despregamento da **Rede Galega de Atención Temperá ao 100% da poboación galega** con acceso a recursos dotados dun mínimo de 3 profesionais e que dean resposta inmediata ás necesidades transitorias ou permanentes da infancia.
  - **Pacto Galego de Educación Inclusiva**. Dotando de recursos e, promovendo unha educación non segregadora con medidas e adaptacións para compensar as desigualdades sociais e que fomente o reforzo ao alumnado en situación ou risco de vulnerabilidade, a redución do abandono e o fracaso escolar e as medidas de compensación a familias con menores recursos físicos (libros, material escolar, comedor, etc.) ou dixitais.
  - Garantir o **dereito á saúde** en condicións de igualdade para tódalas persoas que viven en Galicia sen ningún tipo de discriminación e corrixindo as lagoas de desprotección que contén o RDL 7/2018 sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud.
  - Posta en marcha do Plan de Choque contra a pobreza en **familias Monoparentais**.
  - Garantir a dotación de **recursos específicos para infancia e mocidade con enfermidades mentais** ou a persoas na mesma situación e en exclusión residencial con fillas, fillos ou persoas dependentes a cargo. En especial co incremento de especialistas en pediatría, o desenvolvemento da especialidade de psiquiatría infantil e xuvenil ou creando centros ou vivendas específicas por provincia.
  - Asegurar o **interese superior do menor** por encima dos recursos do sistema de protección ante calquera situación de desamparo ou violencia.
  - Fortalecer os programas de apoio á **autonomía persoal e emancipación** para mozos e mozas que abandonen o sistema de protección e xustiza xuvenil.
  - **Ampliar a Tarxeta Benvida ata os 7 anos** para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros e considerando con carácter especial ás familias monoparentais e numerosas.
  - Mellorar as condicións e ampliar ate os 18 anos a **prestación económica de pagamento único** por fillas e fillos en unidades familiares en situación de pobreza.
  - **Dedución do imposto sobre a renda (IRPF)** dun fillo ou filla ou persoa dependente a cargo reembolsable como subvención para familias con menos ingresos que non realizan a declaración da renda.
  - Asegurar que todas as persoas perceptoras de prestacións económicas reciban o **complemento anual de pago único de 206€** mentras no se produza o aumento do IPREM.



- Establecemento de medidas de **prevención da ludopatía** e regulación estrita dos centros de xogo (autonómica e municipal).

**4. Erradicar o curtpracismo e a descoordinación institucional na acción política.** Xeralizar a planificación e actuacións a medio e longo prazo, a estabilidade orzamentaria e a coordinación entre os tres axentes do sistema público de servizos sociais: Xunta, administración local (concellos e deputacións) e organizacións do Terceiro Sector de Acción Social con enfoque de dereitos. En especial na emerxencia actual e na reconstrución social tras a crise provocada polo COVID-19,

- **Impulso da Axenda Social de Galicia** con compromisos mínimos e medidas conxuntas de Xunta de Galicia, FEGAMP e EAPN Galicia.
- Creación dunha comisión mixta entre a Administración Autonómica e a FEGAMP para que, nos primeiros doce meses da nova lexislatura se estableza un acordo de **responsabilidades das competencias (autonómicas e locais)** e o seu correspondente financiamento.
- **Elaboración da Estratexia de Inclusión Social 2021-2025.** Establecendo obxectivos específicos e cuantificables de inclusión social e laboral dos grupos mais vulnerables, como mínimo dos establecidos no Artigo 3 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia.

**5. Por un emprego digno e inclusivo, asegurando o acompañamento estable e profesionalizado** ás persoas con maiores dificultades de empregabilidade ou precariedade laboral.

- **Asegurar a non discriminación de organizacións do Terceiro Sector Social** Garantindo o mesmo trato que as empresas na Consellería de Economía, Empleo e Industria e redefinindo e simplificando as convocatorias de fomento do emprego.
- **Ampliación do modelo do “Programa de Posta a punto para o emprego”** a toda persoa en situación ou risco de pobreza ou exclusión social, asegurando implicación proactiva da Secretaría Xeral de Emprego no sector empresarial, con flexibilidade e axeitando a súa esixencia de resultados á extremadamente vulnerable situación das persoas e ao contexto socioeconómico.
- Simplificación e reforma da convocatoria dos **Programas de Cooperación** para asegurar inserción laboral en organizacións de acción social.
- Impulso **formación persoalizada e adaptada á demanda** do mercado de traballo para favorecer a inserción sociolaboral de persoas en risco de pobreza para novos nichos de Emprego: economía circular, coidados e dependencia, etcétera.
- Ampliar ao **7% a reserva de mercado da Xunta de Galicia** para empresas de inserción e centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro). Elaborar plan incentivos á contratación por parte das administracións públicas.
- Diseñar actuacións específicas para mozos e mozas que abandonan o sistema educativo ou con dificultades para manterse no mesmo, ou de familias en situación de pobreza severa. Aproveitar o ‘Plan de Choque Por el Empleo Joven’ para xerar **escolas de segunda oportunidade**.
- Dar maiores competencias ás entidades do Terceiro Sector como **colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego** na potenciación da inserción laboral. Non duplicar esforzos, implantando un Sistema Integrado de Orientación Laboral e asegurando propostas compartidas entre áreas Emprego e Educación da Xunta de Galicia
- Definir unha liña de **cooperación entre o SPEG e as entidades de acción social** con servizo de orientación laboral acreditado polo mesmo para que poidan ser atendidas dende as mesmas as persoas beneficiarias de RISGA que se atopan no tramo de transición ao emprego.



- Fomento do emprego de calidade potenciando a creación de empresas e iniciativas de **economía social e solidaria** e a súa participación nos procesos de contratación pública.

**6. Accesibilidade universal en infraestruturas e edificios públicos ou privados** para asegurar a plena inclusión de todas as persoas, de acordo co establecido na Lei 10/2014 de accesibilidade.

- **Subordinar o investimento en obra pública da Xunta de Galicia** a este obxectivo. Promover actuacións que aseguren a liberdade para todas as persoas con mobilidade reducida e creación dunha partida económica específica (entre o 2% e o 5% de capital) en investimentos anuais para a eliminación de barreiras arquitectónicas.
- **Erradicar “limbo da dependencia”** mentres a Administración Xeral do Estado non cumpre coa súa responsabilidade. Incrementar recursos e servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, potenciando a vida independente cos apoios necesarios.
- Incluír tamén a importancia da **accesibilidade cognitiva** (lectura fácil, pictogramas,...) para facilitar a comprensión daquelas persoas con máis dificultades.

**7. Manter servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural:** sanitarios, sociais, educativos, transporte ou vivenda e erradicación da fenda dixital e de acceso ás novas tecnoloxías.

- Defensa dos servizos públicos de educación no medio rural, asegurando a primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias, unha asignación optimizada de recursos educativos e unha educación que valorice os acenos identitarios do rural.
- Favorecer a **renovación da vivenda rural e a súa mobilización**, creando bolsas de alugueiro. En especial das de administracións públicas como Educación.
- Impulsar **servizos sociosanitarios itinerantes** entre concellos que garantan atención continuada e formación en conducción para posta en marcha de transporte periódico para asistencia a centros de saúde ou servizos sociais, así como a homologación de centros multiusos nos que se poda atender a varios colectivos e nos que as entidades de acción social podan levar a cabo intervencións.
- Fomentar na **contratación pública o emprego local digno**, por conta propia ou allea ou coa creación de cooperativas e empresas da economía social, e o consumo dos recursos do territorio: residencias, servizo axuda no fogar, comedores escolares, etcétera.
- Convocatoria específica de **inclusión social no eido rural** con cargo a fondos FEADER.
- Por en marcha medidas eficaces para posibilitar a **repopoación do medio rural**: acceso á terra, á vivenda, transporte, novas tecnoloxías, mantemento de servizos básicos, etc.

**8. Lei ou Estratexia Galega contra a violencia machista, en especial á máis extrema** (prostitución, trata, senfogarismo) e unha Lei Integral contra a Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

- Creación dun recurso público de **atención e protección integral con equipos multidisciplinares que teñan en conta o estigma e a saúde mental de xeito prioritario**. Este recurso contará con programas especializados e específicos orientados á poboación máis vulnerable: menores, patoloxías dúais, etc.
- Aumento do número de **recursos residenciais** existentes para que podan acceder máis mulleres, incluíndo ás que, ademais da violencia machista, viven outras situacións de exclusión.
- Realización de campañas de sensibilización orientadas a **desalentar a demanda de comercio sexual e a condea social dos demandantes de prostitución** como instigadores de violencia machista extrema en especial na Radio Televisión de Galicia.

**9. Plan galego de loita contra a soidade non desexada.**



- Impulso do Programa Acompañamento, de voluntariado social de atención e acompañamento a persoas maiores, facendo especial fincapé na convivencia interxeracional entre a mocidade voluntaria e as persoas maiores en situación de soidade.
- Implantación dun programa piloto que permita xerar grupos de convivencia e apoio a nivel local e de barrio nas grandes urbes.

**10. “Somos persoas, non expedientes” Redución drástica da burocracia extrema** na relación coa cidadanía e as organizacións do Terceiro Sector Social.

- **Plan de Choque** no primeiro ano de lexislatura que implique como mínimo a resolución de todos os expedientes pendentes de resolución (RISGA, discapacidade, dependencia, etc.), dotando á administración dos medios ou persoal necesario.
- Impulsar vicepresidencia ou **departamento dependente da Presidencia da Xunta que asegure coordinación** entre todas aquelas áreas con implicación en servizos sociais (en especial nas de Emprego e Industria, Política Social, Vivenda, Sanidade ou Educación), harmonización de requisitos e interpretación da normativa dos departamentos de Intervención e sistematización da redución burocrática.
- Implantar sistema público e continuo de **transparencia e rendición de contas dos prazos de resolución e execución orzamentaria**, tanto pola Xunta de Galicia como por cada concello galego que permita avaliar a xestión política e técnica en base a información obxectiva.
- Establecer unha **única convocatoria de programas integrais a cargo do IRPF para toda a Xunta de Galicia** para asegurar impacto, plurianualidade e estabilidade así como simplificación burocrática e coherencia con convocatoria subvencións a entidades de iniciativa social para a atención ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social.
- A **Historia Social Única e o Informe Social de Inclusión (ISI)** como única ferramenta para calquera tipo de trámite de contido social con calquera departamento da Xunta de Galicia. Homologable co existente noutras CCAA e coa administración Xeral do Estado.
- Posta en marcha do **Concerto Social** plurianual nos servizos sociais.
- Garantir a **formación permanente, reglada e se acaso obrigatoria**, de profesionais da Administración Pública e do Terceiro Sector de Acción Social
- Establecer un **plan de mellora e aprendizaxe continuo en Servizos Sociais (autonómico e municipal)** coa inclusión dun protocolo de avaliación da calidade de atención e enquisas de satisfacción de usuarios.

**11. Elaborar plan urxente de loita contra a fenda dixital en persoas e ONG.** Considerando como unha necesidade básica o acceso ás novas tecnoloxías e internet das persoas ou familias en situación de vulnerabilidade, así como o fomento da alfabetización e competencias dixitais. **E asegurar que as organizacións do Terceiro Sector Social, como calquera outro sector produtivo, reciben o mesmo apoio da Xunta de Galicia** para a transición dixital.

**12. Loita contra o discurso do odio, aporofobia e a desinformación.**

- Impulso ás **Oficinas de Atención as Vítimas** como mínimo nos 7 principais xulgados galegos se se demostra a súa efectiva coordinación con concellos, xulgados, forzas de seguridade e organizacións de acción social especializadas.
- Fomentar a **participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión**, e difundindo **discurso alternativo** de logros, situacións de autonomía e empoderamento das persoas e as súas problemáticas sociais, non illadas.
- Realizar actuacións de **formación e implicación da cidadanía na loita contra calquera tipo de prexuízo ou discurso do odio**. En especial alumnado e profesorado, persoal das administracións públicas organizacións de acción social e medios de comunicación.



Según o establecido na Declaración Institucional contra o Odio e a Aporofobia aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia no 2017.<sup>3</sup>

13. **Fomento do dialogo civil e Lei do Terceiro Sector de Acción Social**, Recoñecendo ás entidades do terceiro sector con enfoque de dereitos **o seu carácter non lucrativo** e recoñecida solvencia como parte do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, regulando a súa participación política e técnica nos procesos de inclusión social, o seu financiamento estable e asociado a resultados e o sistema de interlocución coa administración pública e gobernanza coas redes que o articulan..
14. **Plan de rescate para o Terceiro Sector Social, recoñecendoo como axente esencial na reconstrución de Galicia tralo COVID19** e con apoio específico ás organizacións para enfrontar emerxencia sanitaria e social. Financiando gastos extraordinarios que eviten nun futuro inmediato a perda de servizos, programas e recursos de inclusión e asegurar liquidez inmediata ao mesmo nivel que o sector empresarial..
15. **Non admitir diferenzas entre “pobreza de aquí e de alá”**. Entendendo a cooperación para o desenvolvemento como unha política social pública mais baseada no desenvolvemento sustentable no enfoque feminista e na defensa dos dereitos humanos. Garantir un 0,2% dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia adicados á loita contra a pobreza en países empobrecidos. Sempre de xeito coordinado coas ONG de Desenvolvemento e coa implicación efectiva de organizacións de acción social.

---

<sup>3</sup> <http://eapn-galicia.com/o-parlamento-de-galicia-aproba-por-unanimidade-unha-declaracion-institucional-contra-o-odio-e-a-intolerancia-as-persoas-en-pobreza-ou-exclusion/>